



**RESOLUCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2016 DA SECRETARÍA XERAL, POR QUE SE PUBLICA O RESULTADO DO SORTEO PÚBLICO DA LETRA DE PRIORIDADE PARA SELECCIONAR O ALUMNADO DO CURSO DE ACTUALIZACIÓN DE COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS**

Por resolución da Secretaría Xeral do 14/04/2016 publicouse a convocatoria do Curso de Actualización de Competencias Lingüísticas que establece no punto **6. Criterios de selección** que, de o número de solicitudes superar o de prazas dispoñibles, para establecer a orde de prioridade na admisión terán preferencia os e as docentes que impartan as aulas en lingua galega. Para o resto, sortearase unha letra e a resultante determinará a orde de selección de solicitudes.

Tras realizar, o día 27 de abril de 2016, o sorteo público convocado por Resolución do 26/04/2016, publicada no taboleiro electrónico, a letra que resultou para determinar a orde de selección de solicitudes é o **F**.

A Coruña, 27 de abril de 2016

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano